

17, 18 E 19 DE XUÑO 2022

A CORUÑA

XI ENCONTRO ARTES POLA INTEGRACIÓN



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA
Y DEPORTE



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA

0 ENCONTRO

O proxecto **ENCONTRO ARTES POLA INTEGRACIÓN** ten como obxectivo, rachar as brechas e substituílas por vías de acceso bidireccionais, entre artistas e persoas con e sen diversidade funcional, entre a comunidade e os artistas en risco de exclusión social, para fomentar o coñecemento e o recoñecemento e inclusión social a través das Artes.

As diferentes facetas deste proxecto integrador e transformador, teñen tamén por obxeto as artes escénicas, artes visuais, o cinema e a música como instrumentos eficaces e esenciais para a comprensión e búsqueda de alternativas a problemas sociais e interpersonais derivados da inclusión.

Ao construír unha sociedade aberta no século XXI, debemos satisfacer, dende o respecto, as necesidades e demandas de todos os sectores, pero en especial dos grupos marxinados e vulnerables, para así atopar neste proxecto un lugar de creación e convivencia, cun programa innovador e contemporáneo. E sobre todo crear redes e sinerxias entre asociacións, artistas, institucións e estudantes para un coñecemento das Artes Inclusivas profesionais.

OBXECTIVOS DO ENCONTRO



FACER VISIBLE a Arte e o talento creativo de persoas con capacidades diferentes.

NORMALIZAR a diversidade en circuitos culturais, e intentar desmarcala.

PROFESIONALIZAR as Artes para a Comunidade, permitindo o acceso ao mercado cultural e laboral a persoas con necesidades especiais.

INCLUIR, buscar lazos de unión, respecto e aprendizaxe para toda persoa.

PROGRAMACIÓN

VENRES 17 XUÑO

FÓRUM METROPOLITANO

20:00 horas
**PRESENTACIÓN
DO FESTIVAL CON
MARÍA VÁZQUEZ**

VACIARTE
DANZA MOBILE
EL ROCE HACE EL CARÍÑO



SEGUNDO PREMIO IV CERTAMEN COREOGRÁFICO INTERNACIONAL ESCENA MOBILE 2022

“É un encontro, un desencontro e todo o contrario. O amor e o humor son ingredientes que latexan e impulsan as súas accións. A orde dos factores altera o produto. Todo o contrario do que ocorre nas matemáticas. Non se conta, hai que velo. Non suma, sucede. E se resta, é de prexuízos”.

“**Vaciarte**” é un dúo de danza teatral. Nace despois de moitos anos de coñecer e bailar en @liantlatrocadansa. En pleno desenvolvemento decidiron coñecer e contar historias verdadeiras e improbables en clave de humor e amor tanto o aire libre coma no interior. Empregando múltiples disciplinas artísticas, con diversos artistas e artistas diversos que complementan os seus espectáculos.

Dúo composto por **Jaume Girbau e Carla Carissimi**.
Técnica consorte: **Meritxell Pérez**.

PEZA TEATRAL
NO CONFIESO
JAVIER COLLADO
ALMA GARCÍA



Peza teatral tras un proceso de residencia con 4 alumnas en A Ribeira Sacra e en A Coruña, dirixida polo actor **Javier Collado** e por **Alma García**.

Por que nos custa tanto falar do que nos doe? **No Confieso** investiga a través da autoficción sobre as cousas que ocultamos. Catro actores apúntanse a un obradoiro dirixido por Javier Collado e Alma García. Eles deciden facer un experimento sen comunicarllo aos participantes para montar a obra e buscar novas formas novedosas de investigar co teatro. Por isto, os actores esperan e esperan ata que cheguen Javier e Alma, mais estes parece que nunca van chegar.

ARNASA ORGANIK DANTZA SIL PRODUCCIONES



Respirar debería ser tan sinxelo como mirar, escoitar, sentarse, falar, bailar, cantar, comerse un plátano ou andar en monopatín. Pero non é tal.

¿Qué acontece coa respiración cando unha situación nos altera? Cando nos quedamos en apnea, ¿qué acontece cando entra aire, pero non pode sair e se queda todo parado por uns segundos?

Non se pode deixar de respirar, aínda que se queira, nin por un momento... Estamos condeados a manter a respiración, a vivir con ela e os seus altibaixos, a convivir coas súas particularidades e as súas excéntricas reaccións.

Arnasa viaxa por todas esas sensacións tan diversas que nos provoca a respiración: dende esos momentos de plenitude total nos que nos sentimos íntimamente conectadas; ata esos momentos escuros, irreversibles, nos que a falta ou exceso de aire se apodera de nós, do noso consciente e da nosa vontade.

A distribución deste espectáculo realízase entre **Organik Dantza e Sil Producciones/Artes en Movimiento**.

Idea e dirección: Natalia Monge

Creación colectiva: Directora e intérpretes

Intérpretes: Carlos Alonso, Pilar Andrés, Mikel Aristegui, Jon Ander Garamendi

Composición musical: Jon Ander Garamendi

Deseño de iluminación: David Alcorta

Deseño de vestiario: Celia Egaña

Fotografía: José María Martínez

Ollo externo: Bertha Bermúdez, Pau Pons

Letrista da canción «Arnasa»: Ainize Moreno

Deseñadora gráfica e difusión: Ana Gabán

Duración 60 Minutos

PROGRAMACIÓN

SÁBADO 18 XUÑO

FUNDACIÓN PAIDEIA

11:00-14:00 horas
**PALESTRA
DIVERSA**



Proxectos seleccionados de **Cultura Inclusiva** da **Fundación Emalcsa**.

Manuel Oliveira. Un Museo para todos.

Eugene Van Erven. Festival Internacional de Artes Comunitarias. Online. *Bélxica*.

Esmeralda Valderrama. Escena Móbile. Un festival de Referencia. *Sevilla*

Vicente Galaso. Fotografía y Enfermedad Mental. *Madrid*.

Encarna Lago. Museos para la inclusión Social. *Lugo*.

MANUEL OLIVEIRA



Licenciouse en Historia do Arte pola Universidade de Santiago de Compostela en 1987, e en Belas Artes pola Universidade de Barcelona en 1994. Traballou como coordinador no III Foro Atlántico de Arte Contemporáneo, celebrada na Coruña en 1996 e o longo de 1997 dirixiu o programa educativo para adultos Cambiar a mirada no Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC). Foi xefe de servizos pedagóxicos de este dende 1998 ata 2001 e levou a dirección do Hangar (Centre de producció d'arts visuals) durante catro anos, 2001-2005.

Desenvolveu *Lost in Sound* CGAC, 1999-2000, *Procesos Oberts* e *Hangar* no Concello de Tarrasa, 2004-2005 (Investigación documentada nun blog, nunha web, e en varias publicacións impresas como Proxecto-Edición en CGAC de Santiago, MARCO de Vigo e Fundación Luís Seoane da Coruña, 2006-2009, evolución patente nunha web e nunha serie de edicións e libros que documentan a investigación desenvolvida.


Dende 2005 hasta 2009 dirixiu o CGAC de Santiago de Compostela. Entre 2010 y 2011 puxo en marcha como director unha nova infraestrutura cultural en A Coruña chamada *Ágora, centro cultural para o desenvolvemento social*.

Tras as eleccións municipais de 2011, foi destituído como director, e dende 2013 ata 2021 foi director do Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León (MUSAC).

Foi responsable do guión de varios vídeos e programas de televisión, así como profesor en diversos cursos das Universidades de Santiago e de Barcelona. Tamén dirixiu varios programas de video tales como *Plataforma de video* (CGAC, 1999), *El cuerpo en un mundo polisensorial* (Peñaranda de Bracamonte e León, 2002), *Hangar a Loop* (Loop e Barcelona, 2003), *ScanAround, Warsaw Electronic Festival* (Varsovia, Polonia, 2003), *Nuevas producciones* (Mediateca, Caixaforum, Barcelona, 2005), *Visionen aus Barcelonen* (Kornhausforum, Berna, Suíza, 2005), *VideoZone3: The 3rd International Video-Art Biennial in Israel* (The Center for Contemporary Art, Tel Aviv, Israel, 2006). Conseguiu un Doutoramento en Educación Artística pola Universidade de Granada.

Entre os seus proxectos cabe mencionar a codirección das dúas primeiras edicións do proxecto *Encuentro: arte por la integración* desenvolvidas na Coruña entre 2012 e 2013, e o proxecto *Conferencia performativa* (MUSAC, León y FACyL, Salamanca, 2013-2014) que contou con unha exposición, un programa de performances e unha publicación.

EUGENE VAN ERVEN



Eugene van Erven ten un Ph.D. en Literatura Comparada da Universidade de Vanderbilt (1985, EE. UU.). Traballou na Universidade Vitoria en Wellington (Nova Zelandia) e na Universidade de Utrecht (Humanidades, UniversityCollege), onde impartiu cursos de literatura, teatro e artes comunitarias.

Entre 2004 e 2006 realizou investigacións de historia oral e ensinou na illa caribeña de Aruba. Ao seu regreso á Universidade de Utrecht traballa como profesor no departamento de estudos de Medios e Cultura. Entre 2005 e 2014, Eugene traballou para o Laboratorio de Arte Comunitaria do Tratado de Paz de Utrecht.

Dende 2009 tamén traballa 'cedido' como director artístico do *Festival Internacional de Artes Comunitarias de Róterdam* (www.icafterterdam.com). O 1 de xullo, Eugene foi nomeado profesor de Medios, Actuación e Cidade. Parte da súa tarefa é estimular o discurso académico sobre a participación nas artes e fomentar asociacións sostibles entre os estudos de medios e cultura e os profesionais do sector da cultura e os medios de comunicación. Dende o 1 de Setembro é Xefe do Departamento de Estudos de Medios e Cultura.

ESMERALDA VALDERRAMA



ESCENA MÓBILE (Sevilla)

Nada en Madrid en 1958. Cursa estudos de ballet no Círculo de Belas Artes de Madrid, estudos de danza contemporánea con Jesús López (bailarín da Compañía de Danza Nacional de Cuba) formando parella con él. Posteriormente, realiza estudos de jazz y funky con Bob Niko y Giorgio Aresu, traballando con ambos. Traballa en diversas compañías de teatro e televisión. Como asistente e axudante de coreografía de Adolfo Marsichach e de Skip Martinssen. Forma a compañía de danza contemporánea “ASTARCON” en Madrid (1984-86). En 1990 comenza a traballar como profesora de danza da Fundación Psicoballet de Maite León de Madrid, ata 1994. En 1996 funda a **Compañía Danza Mobile**, donde continúa ata o momento.

Como directora e coreógrafa dirixe os seguintes espectáculos coa Compañía Danza Mobile: *“Figuras para un sueño”* (1998), *“Tic-Tac”* (1999), *“L´image”* (2003) e *“Algunas Veces”* (2006).

Como axudante de dirección e coreografía: *“El Paseo de Búster Keaton”* (2000), dirixido por Julio Fraga; *“MalOficio”* (2001), dirixido por Javier Osorio; *“Sigue Latiendo. Recordando a Luís Cernuda”* (2002) e *“Lenguas Congeladas”* (2003), dirixidos por Javier Leyton; *“Jaquelado”* (2005), *“Descompasaos”* (2008) e *“Sirena en Tierra”* (2009) dirixidos por Manuel Cañadas; *“Cierra los Ojos y Mírame”* (2010) de José Galán; *“Dame un segundo”* (2011) con coreografía de Manuela Calleja e dirección de Ramón Perera; *“Una Ciudad Encendida”* (2012) de Fernando Lima; *«Todo me dica Algo»* (2014) con dirección e coreografía de Antonio Quiles; *«En Vano»* (2016) con coreografía de Arturo Parrilla. E en diferentes pezas curtas como *«Nada me dice nada»* (2013) de Antonio Quiles; *«Idem»* (2014) Arturo Parrilla; *«Encuentros y Saludos»* (2014) de Manuel Cañadas (2014).

VICENTE GALASO



Psicólogo e mediador social, vinculado a múltiples proxectos interdisciplinares de inclusión social a través das Artes.

Traballou en mediación coa *Fundación Americana Saludarte*, tamén no Proxecto *Loba de Opera*, en proxectos do Teatro Real para a inclusión, na mediación entre artistas , prisións e psiquiátricos no Festival *Artes no Camiño*, na compañía de danza inclusiva *Lisarco*.

Actualmente vive en Palma de Mallorca, onde traballa diferentes proxectos para dignificar a saúde mental sobre todo no ámbito da fotografía, e a saúde mental e o desetiquetado das persoas con diversas capacidades.

ENCARNA LAGO GONZÁLEZ



Barcelona, 22 de julio de 1962.

Xestora cultural e comisaria de exposicións españolas.

Na actualidade é xerente da Rede Museística Provincial de Lugo. Seguidora da nova corrente *NovaMuseoloxía*, baseada en valores sociais e comunitarios. Nos seus proxectos destaca o traballo colaborativo e inclusivo.

Traxectoria profesional:

Técnica Superior de Cooperación Internacional polo Instituto Europeo de Empresa - UNESCO (2009-2010). Traballa no Museo Provincial de Lugo dende 1991. Neste centro foi responsable do Departamento de Didáctica (1996-1999), Coordinadora de Antos Generales (1999-2000) e Xerente do Museo Provincial e do Museo-Fortaleza San Paio de Narla (2000-2006). Con motivo da constitución da Rede Museística Provincial en xunio de 2006 foi nomeada xerente da mesma, cargo que desempeña na actualidade.


É tamén docente do curso Experto Universitario en xestión cultural Universidade de Santiago, e forma parte do Comité Consultivo da Facultade de Humanidades de Lugo USC.

PROGRAMACIÓN

SÁBADO 18 XUÑO

XARDÍNS MÉNDEZ NÚÑEZ

17:00 horas
**PRESENTACIÓN DA MARCA
A PEQUENA BAUHAUS**



Presentación e venda da Marca deseñada por nen@s e adolescentes con e sen diversidade.

Proxecto levado a cabo na Ribeira Sacra, dentro do apartado **Sacraforma**, onde diferentes artistas interdisciplinares traballarán durante 6 fins de semana intensiva para crear esta primeira colección.

Entre as disciplinas dentro do laboratorio de creación están a fotografía, deseño gráfico, artes plásticas, cerámica e deseño de mobiliario.

Baseándose na metodoloxía de traballo da escola Alemana a **Bauhaus**, nace este proxecto dirixido por Carlota Pérez.

18:00 horas
ESPECTÁCULO
LA DANZA DEL YO
EUDANZA



Compañía de danza integrada do **Colexio Pelouro** de Caldelas de Tui.
Dirección **Laura LLauder**

Este espectáculo trata da transformación social a través das artes escénicas.

Despois dos eventos vividos durante a pandemia estreamos este espectáculo como motor de vida, impulso e coidado das relacións humanas de fondo, onde a integración de todo ser humano teña o seu verdadeiro lugar.

Con este espectáculo pretendemos reflexionar sobre o valor da vida e das relacións humanas, ao igual que concienciar no coidado do noso entorno natural e do noso planeta.

Tamén incluiremos algunhas das mellores coreografías da compañía **EUDANZA**. Con máis de 30 anos de traxectoria, e unha das primeiras compañías de xóvenes en integración e inclusión de España, e está composto maioritariamente por xóvenes alumnos e exalumnos do *Centro neuropsicopedagógico de innovación O Pelouro*, pioneiro en integración en Europa.

Recibiu numerosos recoñecementos, entre eles o **Primeiro Premio en Danza Contemporánea** no *Certame coreográfico internacional Vigo Porté*, e participou en varios festivais tanto nacionais como internacionais, actuando en lugares tan emblemáticos como a *Praza de San Marco de Venecia* o o *Teatro Pavarotti de Módena*.

Duración: 1h

Xénero: danza contemporánea e psicodanza

19:00 horas
ESPECTÁCULO
EXPERIMENTADANZA
NON ME TOQUES O SEGREDO



Tres mulleres; Clara, Carlota e a Cadeira de rodas de Clara descubren nesta viaxe que hai lugares que se os tocas resurxen emocións profundas que nos achegan máis e nos liberan dos nosos medos.

A presenza de Clara, unha moza de 17 anos que ama bailar, e ten parálise cerebral, no escenario, fainos reflexionar sobre os espazos que habitamos e como nos adaptamos a eles. Clara e Carlota, con este espectáculo desafían á súa vez o noso imaxinario e nosos prexuízos coma espectadores, nunha peza que cuestiona temas como a dependencia, e a independencia coma unha posibilidade de vivir sen a outra persoa.

Dirección: Carlota Pérez

Intérpretes: Clara López, Carlota Pérez e Pío López

Música: Collage Musical e Rebeca Ponte

Peza para a rúa, natureza e espazos non convencionais

Duración 30 Minutos

PROGRAMACIÓN

DOMINGO 19 XUÑO

PRAZA DE AZCÁRRAGA

17:00 horas
**SOY TODO
EL MUNDO**
DANZA MÓBILE



“Veño a ser terrible. Eu son un monstro, dis. Non, eu son o pobo. Son unha excepción? Non, son todos. A excepción es ti. Ti es a quimera e eu son a realidade”. Partindo desta cita de Victor Hugo en “Home que ri” enunciando un escrito de Paul B. Preciado, gustaríame abrir un diálogo físico e verbal sobre como nos miramos.

A palabra monstro ten varios significados, pero agora só vou destacar dous:

- 1.- Ser fantástico que provoca horror.
- 2.- Persoa que en calquera actividade supera con moito as calidades e aptitudes comúns.

Atopar o noso monstro foi a idea principal desta peza. Lendo a Paul B. Preciado, “Eu son o monstro que che fala”, o discurso que pronunciou ante 3.500 psicanalistas para a conferencia internacional de L'école de la Cause Freudienne de París, onde alguén como Paul era considerado “enfermo mental”, e un “disfórico de xénero”. O xogo dos antigos magos, de transformar o público en animais, facéndoos caer nun profundo subconsciente, deunos a oportunidade de transformarnos e manipularnos ao son da maxia e do subconsciente.

Neste dúo de maxia e movemento, tentamos traer aos nosos monstros. Xogar a ser manipulados e a xogar. O son das palmas e un xogo infantil esmagado polos nosos monstros interiores: David Bisbal e Chenoa.

Elenco: **Laura Morales, Helliot Baeza.**

17 :30 horas
**ACTUACIÓN DE
DJ GROBAS**

Fernando Grobas (A Coruña, 1974) é un **axitador cultural, programador e DJ vinculado á escena desde o 96**, sendo o primeiro DJ galego convidado polo Sónar (1998). En 2005 crea as **981Sessions** e, un ano despois, o 981Festival en colaboración con Producciones Playa Club, do que foi o encargado da programación de música electrónica e DJ residente.

Actualmente está inmerso no seu novo proxecto, **Retrofuture**, referente galego do clubbing de vangarda.

**ACTUACIÓN DE
DJ PASKAL
KLEIMAN**



Alguéns terán oído falar deste **DJ francés**, outros non, e de cómo alguén sen brazos puido chegar a ser o que hoxe é e o respecto acadado polo seu público.

Naceu sen brazos por unha substancia que tomou a súa nai durante o embarazo. Porén iso non lle impediu ao francés Pascal Kleiman converterse nun dos DJ máis prestixiosos de Europa.

Podemos ver e comprender a súa historia, no documental: **Heroes. No hacen falta alas para volar**, dirixido por Ángel Loza, quen nos conta a súa historia.

**COMIDA
DIVERSA**

Ao longo do concerto ofrecerase unha degustación de viños galegos e gastronomía a 20 euros por persoa para poder gozar dos espectáculos.

A Coruña 17, 18 e 19 de Xuño 2022

XI ENCONTRO ARTES POLA INTEGRACIÓN

WWW.ARTESPOLAINTEGRACION.COM



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL
DE ARTES ESCENICAS



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
SANTIAGO

HR HIJOS
DE RIVERA

Č IMCE



Deputación
DA CORUÑA